


Carlos Casares

Letras Galegas 2017




Carlos
Casares
LETRAS GALEGAS 2017



Carlos Casares (1941, Ourense- Ramalloa, Nigrán, 2002)

[Texto : Fundación Carlos Casares]

<http://fundacioncarloscasares.org/biografia/>



O autor

1941 – 1950

Foi a comarca da Limia, en maior medida que o seu Ourense natal, o territorio que deixou unha pegada máis fonda no Casares neno. Nacera en Ourense, o 24 de agosto de 1941, pero aos catro anos marchou para Xinzo de Limia, onde o seu pai, Francisco Casares, traballaba de mestre. O futuro escritor vive nun ambiente entre aldeán e vilego, en permanente contacto cunha extensa familia espallada por distintos puntos da comarca, con casas en Lamas, Beiro e Sabucedo, ademais de no propio Xinzo, nas que pasará longas tempadas. É un mundo que Casares recordaría sempre con gran viveza e que reaparecerá unha e outra vez na súa obra literaria. Alí aprende os nomes das árbores e dos paxaros e escoita as historias da guerrilla antifranquista.

Alí inicia tamén unha relación moi natural e basicamente divertida co cine e coa radio, coa lectura e co fútbol, co xogo e cos xoguetes en miniatura que el mesmo construía. Foi unha infancia case topicamente feliz, enmarcada por unha natureza espléndida, polo calor familiar e polo contacto continuado có misterio. Non faltaron, porén, episodios dramáticos. Cando non tiña máis de tres anos, Carlos estivo a piques de morrer afogado no río, nun dos veráns de

Carlos Casares

Club de lectura, biblioteca Ágora

Lamas. Salvouno unha curmá, da mesma maneira que o propio Carlos salvaría uns anos máis tarde ao seu irmán Xavier, que tamén se afundía sen remedio nas augas do Limia ata que Carlos o rescatou. As sensacións vibrantes daqueles eternos veráns ao aire libre, xunto co recollemento invernal arredor do lume e das historias de familiares, amigos e criados, deixarían unha pegada vivísima na literatura de Casares e no propio modo de ser dun home que ata o derradeiro ano da súa vida seguiu experimentando a alegría dun neno pequeno cando o calor se apoderaba de Vigo e anunciaba a inmediata chegada do sol do verán.

1951 – 1960

Na familia materna de Carlos abundaban as vocacións eclesiásticas. E a propia nai de Carlos, Manolita Mouriño, era unha muller que vivía con moita intensidade o seu catolicismo. Francisco Casares, en cambio, que era home de ideas liberais e temple máis escéptico, non se sentiu entusiasmado coa decisión materna de enviar a Carlos a estudar ao Seminario de Ourense, no que ingresou no ano 1952. Foi alí onde o seu destino literario comezou a manifestarse. Carlos publicou no Seminario un periódico chamado *El Averno* do que, segundo declararía máis tarde, era “director e único redactor”. O contacto cun profesor de Literatura, don Agustín Madarnás, foi decisivo no afianzamento da súa vocación de escritor. Madarnás mandoulle un día aos seus alumnos de pouco máis de dez anos escribir unha redacción. A



Ourense

seleccionada para ler na clase en voz alta foi a de Carlos quen, desde ese día, foi “consciente de que se podía escribir ben ou mal”. A partir dese momento, Casares devorou a moita literatura dispoñible no Seminario, desde os clásicos grecolatinos ata autores españois e estranxeiros que non presentaban perigos morais. Ós escritores perigosos *Seminario de*

(Balzac, Voltaire Flaubert ou Stendahl) líaos nos veráns de Xinzo

de Limia grazas ao subministro de Antonio Rodríguez, bibliotecario da vila, republicano e comunista, con cuxa amizade sempre se honrou Casares. Polo demais, Carlos conservaba lembranzas agri doces da súa vida no Seminario. Agradecía a excelente formación clásica recibida, na secular e ameazada tradición dos *studia humanitatis*, pero tamén recordaba algúns episodios amargos nos que sentiu por vez primeira a dentada da violencia e da inxustiza.

Xa fóra do Seminario, Carlos presentouse a un concurso provincial de relatos breves. E ganouno. Foi Arturo Lezcano que o levou daquela a coñecer a Vicente Risco, que formara parte do xurado e que eloxiou vivamente os seus escritos. Foi o principio dunha breve -Risco morreu




Café Volter, “O Tucho”

en 1963- pero intensa amizade cultivada día a día na tertulia do café Parque, no Miño ou no Volter, xunto con outros escritores e artistas como Prego de Oliver, Ferro Couselo, Xaime Quessada, Antón Tovar, Conde Corbal, Xaquín Lorenzo, Xosé Luis de Dios, Julio Gimeno, Acisclo Manzano, Arturo Baltar, José Luis López Cid ou o xa citado Lezcano.

1961 – 1970

Os anos 60 comezan na vida de Carlos coa marcha de Ourense a Compostela, onde entra rapidamente en contacto co grupo de estudantes galeguistas nucleados en torno a Ramón Piñeiro. A relación con Piñeiro irá medrando e intensificándose nestes anos e desembocará nunha indestrutible e íntima amizade. A súa condición de galeguista permítelle participar militantemente -por exemplo, desde a *Agrupación Democrática de Estudiantes*- en actividades culturais que contestan o oficialismo franquista do SEU, entre elas a organización do histórico recital de Raimon en Santiago, preludio certo do que será meses máis tarde o sesentaeito compostelán.



Estes anos ven tamén a aparición do Casares escritor. Tras uns dubitativos inicios poéticos, que lembrará máis adiante con simpatía pero con absoluta distancia literaria, Casares publica en 1967 ***Vento ferido***, un libro de relatos xuvenís que soportarán rexamente o paso do tempo e que aínda hai pouco tempo mereceron as honras da publicación en lingua inglesa. Un ano máis tarde gaña o primeiro concurso de relatos convocado pola *Asociación Cultural “O Facho”* con ***A galiña azul***, un conto para nenos que reflicte moi ben o espírito comprometido e libertario dunha época negadora de convencións e uniformismos. A tendencia

destes anos á experimentación formal e á renovación dos moldes nos que se fora construíndo a tradición literaria galega lévano a escribir unha novela como ***Cambio en tres***, que aborda a temática da emigración de maneira voluntariamente alonxada do realismo social dominante na produción novelesca daquel tempo. O Casares xornalista, que tantas alegrías dará logo aos seus lectores, comparece tamén de maneira sistemática nas páxinas de *La Región* de Ourense, nas que inicia a serie “*Con esta lupa*” en colaboración co debuxante Siro.




Carlos Casares dando clase

A década, non obstante, acaba mal: no seu primeiro traballo, nun colexio de Viana do Bolo, Casares é acusado de “comunista” por pretender que os nenos pobres da vila puideran acceder gratuitamente aos servizos do comedor escolar, poñendo de manifesto durante esta batalla unha rede de impresentables corruptelas. O conflito, con obra de teatro escolar por medio, remata con Casares expedientado, despedido e inhabilitado para impartir a docencia en todo o territorio galego. Casares ten que marchar a Bilbao. Pero hoxe aquel colexio de Viana do Bolo chámase Instituto “Carlos Casares”.

1971 – 1980

Carlos Casares e Krisina Berg



En 1971, nun tren que se dirixe a Santiago de Compostela, Casares coñece a Kristina Berg, unha rapaza sueca que navega por Galicia a bordo dun barco digno dunha película de piratas. O casamento, que se produce moi pouco despois en Ourense, abrialle a Carlos as portas de Suecia, un país que acabará coñecendo moi ben, incluída a súa lingua, e que converterá nunha especie de modelo ideal para a súa Galicia soñada. Estes son tamén os anos nos que se afianza como escritor, coa publicación de títulos como *As laranxas máis laranxas* de todas as laranxas, *Xoguetes para un tempo prohibido* ou *Os escuros soños de Clío*, ademais da exitosa tradución ao galego de *O principião* e da edición crítica da obra completa de Curros Enríquez.

Inicia a súa longa **colaboración coa prensa**, primeiro desde as páxinas de *La Región de Ourense* e a partir de 1975 en *La Voz de Galicia*, xornal no que publica semanalmente a sección “*A ledicia de ler*”. Casares é xa unha referencia importante para a política e a cultura de oposición en Galicia, sempre dende as filas do galeguismo autonomista e apartidario liderado por Ramón Piñeiro e nucleado en torno a Galaxia, editorial a cuxos traballos se vincula cada vez máis estreitamente. Ese protagonismo político e cultural medra nos anos últimos do franquismo, cando é expedientado xunto con Méndez Ferrín, Francisco Rodríguez, Xesús Alonso Montero e outros ensinantes polo seu apoio ás reivindicacións do colectivo de profesores non numerarios (os penenes). Daquela vive e traballa en Cangas do Morrazo, aínda que non tardará en establecerse definitivamente en Vilariño da Ramallosa, no concello de Nigrán, onde adquire un terreo e constrúe unha casa. En 1976 recibe o *Premio da Crítica Española* por *Xoguetes para un tempo prohibido*, novela que xa acadara o primeiro premio do certame convocado por Editorial Galaxia para conmemorar o seu 25º aniversario, e o 27 de maio de 1978 ingresa na Real Academia Galega. Remata a década publicando o seu **ensaio biográfico sobre Curros Enríquez** e *Ilustrísima*, que chegará a ser a súa novela máis coñecida e popular.

1981 – 1990

No ano 1982, Casares sae elixido **deputado ao Parlamento de Galicia** pola circunscrición electoral de Ourense. Presentouse ás eleccións como “galeguista independente” nas listas do PSdeG-PSOE e nesa andaina estivo acompañado por Ramón Piñeiro, Alfredo Conde e Benxamín Casal. Casares gardou sempre un excelente recordo daquela primeira cámara autonómica, que presidiu Antonio Rosón no Salón Nobre de Fonseca. O espírito de consenso, ao que tanto contribuíron os deputados galeguistas, deu froitos como a aprobación por unanimidade da Lei de Normalización Lingüística, en cuxos debates e redacción xogou Casares un importante papel.



Pouco antes de rematar a lexislatura, no ano 1985, Piñeiro decide propoñer a Casares como **director de Editorial Galaxia**, cargo que desempeñará ata a súa morte procedendo a unha fonda e modernizadora reestruturación da emblemática editorial viguesa. A actividade política e editorial condicionaron innegablemente a dedicación literaria de Casares. Certamente a principios da década publicara as súas **biografías de Vicente Risco e Otero Pedrayo**, así como un saboroso **libro de conversas con Ánxel Fole**, pero non volverá á creación novelística ata 1987, ano no que aparece ***Os mortos daquel verán***.

A pesar destas intermitencias, a obra literaria de Casares empeza a interesar fóra de Galicia e a ser traducida ao castelán (Os escuros soños de Clío, en 1984; Ilustrísima, en 1986; Os mortos daquel verán, en 1987, o mesmo ano da súa edición en galego). E respondendo a unha invitación da Unión de Escritores da Unión Soviética viaxa en 1983 pola extinta URSS, impartindo conferencias e participando en seminarios xunto con outros escritores, como Manuel Vázquez Montalbán ou Joan Perucho, cos que establecerá unha intensa e duradeira relación de amizade. O pasamento de Ramón Piñeiro en 1990 marca a fin dunha etapa na historia do galeguismo e na vida de Casares, quen a partir dese momento e ata a súa propia morte vai ter que desempeñar un papel moi semellante ao xogado nos anos anteriores polo seu amigo e mestre.

1991 – 2002

Foi en 1992 cando Casares empezou a publicar diariamente en La Voz de Galicia a súa columna “Á marxe”. O éxito sorprendeu a Casares e ao propio periódico: nunca antes unha columna escrita en galego chegara a aparecer entre as máis tenazmente lidas e preferidas polos lectores de “La Voz”. Gracias a “Á marxe” Casares deixa de ser tan só un escritor coñecido e respectado para pasar a converterse nunha figura popular e querida. Nestes anos Casares multiplica a súa actividade. Continúa escribindo **biografías**, como as de **Ramón Piñeiro, Ánxel Fole e Martín Sarmiento**, e tamén abundantes títulos dedicados aos rapaces, pero céntrase sobre todo en dúas novelas de gran ambición literaria, **Deus sentado nun sillón azul** (1996) e **O sol do verán** (2002), que serían suficientes para consideralo como un dos grandes da historia das letras galegas.

Recibe importantes premios, tanto polo seu labor xornalístico -“*Fernández Latorre*”, en 1993 e “*Julio Camba*”, en 1995- como polas súas creacións novelescas. Fáltalle un voto para obter o Premio Nacional de Narrativa de 1997 por Deus sentado nun sillón azul, pero é distinguido cos *Premios da Crítica de España e de Galicia*. En 1998, **Un país de palabras** refrenda a súa rara calidade de ensaísta-narrador.

Casares, sempre sen présas, sobre todo cando se trataba de sentar arredor dunha mesa ou nunha terraza veraneiga a falar cos amigos, é capaz de encaixar a súa vocación literaria e o seu gusto pola vida con traballos institucionais para os que é cada vez máis solicitado. Ademais de dirixir *Galaxia* e a revista *Grial*, preside o *PEN Clube de Galicia* e o *Consello da Cultura Galega*, forma parte do *Padroado da Fundación Caixa Galicia*, dirixe os cursos de verán da *Fundación Camilo José Cela*, participa activamente na vida da *Real Academia Galega*, imparte conferencias, escribe prólogos, visita colexios e institutos, presenta libros e asiste a innumerables actos oficiais. E un día, con case sesenta anos, non dubida en embarcarse con oitenta escritores europeos, todos eles bastante máis novos que el, nun Expreso da Literatura Europea que durante mes e medio percorre Europa dende Lisboa ata San Petersburgo. O día anterior á súa morte entregou en *Galaxia* a versión definitiva de *O sol do verán*. Os que estiveron con el no hospital contan que, minutos antes de morrer, bromeou e mesmo botou algunha risa. Era o 9 de marzo de 2002 pola mañanciña

Vento ferido

Club de lectura, biblioteca Ágora

Cronoloxía da vida e obra de Carlos Casares

[Texto: Fundación Carlos Casares]

<http://fundacioncarloscasares.org/biografia/#Cronoloxía>

1941.- (24 de agosto) Nace en Ourense.

1944.- Trasládase a Xinzo de Limia, onde o seu pai, Francisco Casares, traballa como mestre.

1952.- Ingresa no Seminario de Ourense.

1959.- Frecuenta as tertulias literarias ourensás, en especial a de Vicente Risco, no café *Parque*, no *Miño* ou no *Volter*, con outros escritores e artistas como Prego de Oliver, Ferro Couselo, Xaime Quessada, Antón Tovar, Conde Corbal, Xaquín Lorenzo, Xosé Luís de Dios, Julio Gimeno, Acisclo Manzano, Arturo Baltar, José Luis López Cid ou Arturo Lezcano.

1961.- Trasládase a Santiago de Compostela para estudar Filosofía e Letras e incorpórase ao grupo de galeguistas liderado por Ramón Piñeiro.

1967.- Publica [*Vento ferido*](#).

1968.- Gaña o premio do concurso de relatos convocado pola Asociación Cultural “O Facho”, da Coruña, con *A galiña azul*.

1969.- Comeza a impartir docencia no Colexio Público de Viana do Bolo. Acusado de *comunista* é expedientado e inhabilitado para a docencia en Galicia. Marcha para Bilbao.

1971.- Casa con Kristina Berg.

1975.- Publica [*Xoquetes para un tempo prohibido*](#), obra que resulta premiada no certame de novela que convoca Editorial Galaxia para conmemorar o 25º aniversario da súa fundación. Comeza a publicar en *La Voz de Galicia* a sección “A ledicia de ler”.

1976.- Recibe o Premio da Crítica Española por [*Xoquetes para un tempo prohibido*](#).

1977.- Ingresa na Real Academia Galega.

1979.- Publica [*Os escuros sonhos de Clío*](#).

1980.- Publica [*Ilustrísima*](#).

1982.- Deputado ao Parlamento de Galicia como galeguista independente nas listas do PSdeG-PSOE pola provincia de Ourense.

1983.- Recibe o Premio “Fernández Latorre” de xornalismo, concedido polo diario La Voz de Galicia. Viaxa á extinta URSS convidado pola Unión de Escritores da Unión Soviética, impartindo

conferencias e participando en seminarios xunto con outros escritores como Manuel Vázquez Montalbán e Joan Perucho.

1984.- Sae a edición en castelán de [*Os escuros sonhos de Clío*](#).

1985.- Faise cargo da dirección xeral de Editorial Galaxia.

1986.- Sae a edición en castelán de [*Ilustrísima*](#).

1987.- Publica [*Os mortos daquel verán*](#) en galego e en castelán.

1990.- Morre Ramón Piñeiro.

1991.- Comeza a publicar a serie de contos infantis *Toribio*, cos títulos *Este é Toribio*, *Toribio contra o profesor Smith* e *Toribio e o contador de contos*. Recibe o Premio Literario “Anxel Fole”. Publica o estudo *Ramón del Valle-Inclán: Zwischen Dekadenzdichtung und moralischer Satire* en “Spanische Literatur” (Suhrkamp).

1992.- Comeza a publicación diaria da columna “Á marxe” en *La Voz de Galicia*. Publica *Toribio ten unha idea*. Sae a súa edición de *Poesía galega completa* de Manuel Curros Enríquez. En colaboración con Xesús Alonso Montero, publica *Vida, obra e milagres de Xan da Coba*.

1993.- Publica *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia*. Sae a tradución ao catalán de *Ilustrísima*. Resulta nomeado membro vitalicio da Comisión Rectora do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

1994.- Publica *Na marxe de cada día*, unha escolma de artigos de “A marxe”, *O galo de Antioquía* e *Toribio revoluciona o tráfico*.

1995.- Recibe en Celanova o Premio Casa dos Poetas e o Premio Julio Camba de Periodismo. Obtén unha bolsa para escritores do “Literarisches Colloquium” para gozar dunha estancia en Wansee (Alemaña) onde escribe boa parte de *Deus sentado nun sillón azul*, que será publicado este mesmo ano. Publica *Guía da provincia de Pontevedra: arte, cultura, gastronomía* con fotografías feitas polo autor. Colabora cun relato no libro *Cuentos de fútbol*. É nomeado presidente do “PEN Clube Escritores de Galicia”.

1996.- Publica [*Lolo anda en bicicleta*](#), en galego e catalán (*La bicicleta de Lolo*) e *A vida de Ánxel Fole*. É elixido presidente do Consello da Cultura Galega.

1997.- É distinguido con Premios da Crítica de España e de Galicia por [*Deus sentado nun sillón azul*](#). É nomeado Delegado de España en Galicia do Alto Comisariado das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR). Participa nun encontro de escritores españois e cubanos en La Habana invitado polo Ministerio de Cultura.

1998.- Publica [*Un país de palabras*](#). É nomeado director dos cursos de verán da Fundación Camilo José Cela. Imparte un curso de Literatura no Graduate Center da City University de Nova Iork. É finalista do Premio Nacional de Narrativa.

1999.- Publica *Hemingway en Galicia* e a tradución ao galego de *O vello e o mar*, de Hemingway. Obtén por segunda vez o Premio da Crítica galega.


2000.- Participa no Expreso da Literatura Europea, unha experiencia organizada pola UNESCO, a Secretaría do Consello de Europa e a Comisaría de Cultura e Educación da Unión Europea, con outros oitenta escritores que durante mes e medio percorre Europa desde Lisboa ata San Petersburgo. Publica [*Un polbo xigante*](#) e o minilibro *Biografía de D. Juan de la Coba*. Traduce ao galego *La Bella Otero*, de Gonzalo Torrente Ballester.

2001.- Publica a biografía *A vida do Padre Sarmiento* e sae a edición en catalán de [*Deus sentado nun sillón azul*](#) (*Déu assegut en una butaca blava*).

2002.- (9 de marzo) Morre en Vigo. Postumanamente aparece a novela [*O sol do verán*](#) e a Xunta de Galicia publica a súa conferencia *Gonzalo Torrente Ballester. O escritor, o amigo*. Sae *Galicia, nai e Señora*, obra da que é coautor. Recibe a título póstumo o Premio Roberto Blanco Torres de periodismo. O 9 de setembro constitúese a Fundación Carlos Casares


Narrativa de para adultos de Carlos Casares

Vento ferido Vigo: Galaxia, 1967




Libro de relatos curtos, có que Casares entra no nacente panorama literario galego. O autor toca xa algúns temas fundamentais na súa traxectoria: a memoria, a desesperanza e, sobre todo, a violencia. Violencia como tránsito da infancia a idade adulta; a vinganza e a reafirmación da masculinidade; ou o axuste de contas persoal e político. Alternando o monólogo interior coa terceira persoa, Casares retrata personaxes desesperados, cegos, enfermos e vítimas de amores imposibles, cunha linguaxe seca e apegada á oralidade.

Cambio en tres Vigo: Galaxia, 1969



A violencia, a dureza da vida, a falta de expectativas durante na ditadura... son os elementos cós que compón Casares compón esta novela, unha das súas obras mais experimentais, escrita en forma de monólogo, que entroncou no seu día coa prosa europea de vangarda. A través dun emigrante que volve a Galicia para enterrar un compañeiro, Casares fai un retrato dun Ourense de aluvión e barriadas, habitado por persoas que loitan por sobrevivir con traballos esporádicos e o alcol como medio de evasión barato.

Xoguetes para un tempo perdido Vigo: Galaxia, 1975




Casares cóntanos a vida de Elías Paz, protagonista da novela, desde a infancia nunha vila ourensá ata os tempos de estudante en Compostela. E percorre os escenarios da represión franquista: a violencia en colexios relixiosos e igrexas; a descuberta do amor; as relacións sexuais; a loita política, coas súas escuridades e servilismos; a censura, a aceptación da derrota... Un dos fitos da Nova Narrativa Galega que retrata a xeración da posguerra, que soñou coa revolución nos sesenta para caer despois nun profundo desencanto. Premio Galaxia 1975.

Os escuros solos de Clío, Santiago : Edicións do Cerne, 1979




Un exercicio de ficción histórica en forma de pequenos relatos. Nas súas páxinas preséntanse, as peripecias de dous guerreiros nórdicos, que atormentaron a Mariña de Lugo; as proezas do alquimista compostelán Antonio F. Caaveiro, alquimista; as invencións do avisador alaricano Narciso de Acuña; os intentos dun frade portugués por descubrir a falsidade dun xudeu de Pontevedra do que se dicía que era inmortal; ou a aventura paranormal de Cagliostro en Compostela

Ilustrísima : Vigo, Galaxia, 1980




A chegada do cinematógrafo a unha pequena cidade galega desata o enfrontamento entre o bando máis intransixente do clero, e o talante aperturista do bispo, amante dos praceres terreaís e do trato coa xente do común. Unha das obras máis coñecidas do autor, escrita cunha prosa sinxela, que deixa para a historia da literatura galega algún personaxes inesquecibles. Un texto contra a violencia e fanatismo do que se poden trazar desgraciados paralelismos coa actualidade. É, ademais, unha homenaxe ao cine como ventá pola que entrou o aire fresco nunha época de moralidade abafante.

Os mortos daquel verán: Vigo : Galaxia, 1987




A descuberta do cadáver do boticario Modesto Vilariño nos días posteriores ao levantamento de xullo de 1936 desencadea unha investigación que desvela o clima de enfrontamento que medra desde hai anos nunha pequena vila galega. A rivalidade entre as forzas progresistas e reaccionarias, vaise debuxando a través das páxinas do informe do investigador do caso. Parodia sobre a revirada prosa funcional, e retrato do deterioro da convivencia nunha vila típica da Galicia de principios do século XX.

O galo de Antioquía: Santiago : Castromil, 1994




Humor que raia o absurdo nesta fantástica e divertida historia dun home que se converte en galo. Un bo día, o ferreiro Antonio Madarro "O Calatrón" pon un ovo. Ao pouco tempo comezan a saírlle plumas e, preocupado, vai ver ao cura. E será que lle entrou o demo no corpo? Un libro con estupendas ilustracións de Andrés Meixide

Deus sentado nun sillón azul: Vigo, Galaxia, 1996




Unha muller contempla desde a ventá a triste existencia de quen noutro tempo fora un afouto escritor e profesor, un dos personaxes mais logardos do autor. A partir da súa mirada, Carlos Casares recrea as tensións e medos da posguerra española e da Segunda Guerra Mundial nunha pequena cidade galega: a represión, a resistencia política destinada ó fracaso, a resignación dos derrotados, a arrogancia dos vencedores e o sentimento de culpa dos intelectuais que colaboraron có golpe...

Un polbo xigante : Galaxia, Vigo, 2000



Un home rememora o episodio que marcou a súa infancia: a desaparición do criado Nicolás no fondo do mar, arrastrado ao fondo do mar por un polbo xigante. Este relato curto, cercano ó realismo máxico, é un tenro debate entre imaxinación e realidade no que ningunha das dúas partes ten por que saír derrotada.


O sol de verán : Vigo: Galaxia, 2002



O suicidio de Carlos, un mozo vital e atractivo de 27 anos, desencadea o recordo en Helena, que repasa, en forma de monólogo, unha historia común desde os anos da nenez e as vacacións de verán compartidas. Cun dominio maxistral na dosificación dos acontecementos, a novela, vai desvelando unha complexa trama de relacións persoais, familiares e amorosas, matizadas pola represión moral, na que Helena afonda intentando atopar sentido á traxedia. Premio Nacional da Crítica 2002

Literatura infantil de Carlos Casares

A galiña azul: Vigo, Galaxia, 1969



O libro parte dunha carta enviada a unha nena e nel aparecen personaxes inesquecibles coma o tolo Leoncio, unha formiga esquiadora ou, unha galiña azul que pon ovos de cores. Neste conto, Casares traslada a súa habitual mensaxe contra a intolerancia e a inxustiza. Un fito na literatura galega.

As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas, Vigo, Galaxia, 1973






Peza teatral fantástica escrita nun único que acto comeza co nacemento de cinco laranxas no limoeiro dunha a horta. A partir de entón comezan a ocorrer anécdotas absurdas e disparatadas pero, protagonizadas polos máis variopintos personaxes.

O can Rin e o lobo Crispín. Vigo: Galaxia, 1983




Rin é un can vello e forte que fala (e reza) en varios idiomas. Xeneroso e ben disposto, dunha vai buscar ao médico para atender á Palmira de Ignacio. Camiño da casa da enferma aparece o malvado lobo Crispín... Casares emprega os mellores recursos da literatura oral e unhas pingas de surrealismo nesta divertida historia que transcorre no ambiente rural

Os contos protagonizados polo seu personaxe infantil Toribio



Lolo anda en bicicleta : Vigo, Galaxia,



Lolo quere que os Reis lle traian unha bicicleta, pero por máis que o intenta non o consegue. Así que decide empezar a practicar na do seu pai, un ciclista nefasto. ... un canto á liberdade e ao goce das cousas máis sinxelas: un paseo en bici, unha boa receita, a familia...

Cuestionario Carlos Casares

Antón Riveiro Coello

En : academia.gal [Páxina web da Real Academia Galega]

http://academia.gal/inicio/-/asset_publisher/m2qF/content/as-obras-de-carlos-casares-foron-unha-ponte-entre-a-tradicion-e-a-modernidade-1?redirect=http%3A%2F%2Facademia.gal%2Finicio%3Fp_id%3D101_INSTANCE_m2qF%26p_p_lifecycle%3D0%26p_p_state%3Dnormal%26p_p_mode%3Dview%26p_p_col_id%3Dcolumn-1%26p_p_col_pos%3D1%26p_p_col_count%3D4%26p_r_p_564233524_categoryId%3D10311

Tal día coma hoxe, o 9 de marzo de 2002, falecía Carlos Casares. As letras galegas perdían un narrador que soubo coma poucos escribir para un público amplo e popular, e que quixo tamén seguir contemplando todo coa ollada da infancia. O seu talento natural para "ese humor que funciona como curación e contrapunto para a violencia e os conflitos" é outro trazo da súa obra que destaca Antón Riveiro Coello, encargado de abrir a serie "Cuestinario Carlos Casares".

"As obras de Carlos Casares foron unha ponte entre a tradición e a modernidade"



Antón Riveiro Coello. Autora: Lorena Riveiro

Antón Riveiro Coello, limiao como Carlos Casares, réndelle homenaxe ao escritor na súa última novela, A ferida do vento, na que se marcou o reto de facer súa a concepción literaria do protagonista do Día das Letras Galegas de 2017. Dese xeito de ver a literatura, e tamén do Casares como persoa que coñeceu en 1999, ou do xestor cultural, fala nas súas respostas ao cuestionario.

Que características pensa que definen mellor o legado de Carlos Casares?

O seu legado creativo é fantástico. Como escritor, era versátil, e del pódense destacar moitos aspectos, o principal era a súa individualidade, que el defendía, afastándose de grupos como o da Nova Narrativa onde estaban outros escritores como Méndez Ferrín, Mourullo ou María Xosé Queizán, máis decantados por unha liña de ton simbólico e experimental. Carlos gustaba de desmitificar o escritor e rexeitaba o elitismo hermético. Apostou claramente polo realismo. E a oralidade é un aspecto crucial na súa literatura, chea de naturalidade e dunha atmosfera coloquial. Carlos foi quen de trasladar toda esa frescura e espontaneidade da narración oral ao relato máis culto, é dicir, escolleu o realismo e vestiuno coas técnicas narrativas máis anovadoras do século XX.

Outra característica importante de Carlos é que escribe na procura dun público amplo e popular, talvez arrimándose á mesma preocupación de Cesare Pavese que non era outra que abrir a posibilidade de facer accesible a cultura a todas as capas sociais, unha cultura con raíces no pobo. "O contacto cos lectores para min debe ser sempre condición esencial á literatura", dicía Carlos. E era doado crelo porque a luminosa transparencia da súa prosa ía nesa procura de chegar ao lector. Unha depuración impecable, onde el mesmo rexeitaba a presenza do escritor e teimaba na idea de que o estilo non se debe notar. E, certamente, el acadábao coa súa prosa, aparentemente sinxela, sempre ao dispor da historia que contaba.

Outra particularidade do Carlos escritor sería esa reivindicación da inocencia, desa ollada infantil que bota sobre o mundo e que está presente na meirande parte da súa obra. Carlos no fondo era un neno grande, que quería seguir contemplando todo coa ollada da infancia. Salientar tamén o seu talento natural para ese humor que funciona como curación e contrapunto para a violencia e os conflitos.

Cales son, ao seu xuízo, as súas achegas de maior interese?

Amais do seu legado creativo que o define coma un gran escritor que tocou todos os paus, cómpre ter en conta o de xestor cultural á fronte da Editorial Galaxia e do Consello da Cultura Galega. A editorial modernízaa e convértea nunha empresa competitiva, sen abandonar o seu espírito fundacional nin perder nada os seus principios galeguistas. Carlos sempre teimou na idea de que Galaxia non era unha empresa comercial, nin a súa finalidade a de gañar cartos.

O que movía a editorial era o traballo pola cultura do país e reinvestir os beneficios na propia editorial. Con Carlos, os escritores comezaron a recibir un trato profesional, cobrando os seus dereitos de autor, e renovouse a colección literaria, mantendo as esixencias mínimas de calidade. Puxo a andar tamén coleccións como "Descuberta", para lles abrir as portas aos novos talentos, "Sete mares" e "Árbore", para ofrecer literatura aos máis cativos, "Costa Oeste", para o público xuvenil, así como "Ensaio", ou "Dombate", para a poesía, sen esquecer o importante mérito de "Obra Completa" que compila a literatura de autores clásicos como Dieste, Risco, Castelao ou Blanco-Amor.

Así mesmo, o seu labor como presidente do Consello da Cultura Galega tamén foi importante non só pola actualización e modernización, senón porque utilizou o diálogo e a convicción para resolver moitos problemas nunha institución ideoloxicamente plural. Ademais, Carlos foi un excelente embaixador da nosa cultura polo mundo adiante.

Que pegada coida que deixou na cultura galega?

"Estou seguro de que, se vivise, trataríamos de buscar nel unha resposta para a situación cultural tan alarmante en que nos atopamos neste intre" Poucas persoas concitaban tanto cariño e admiración en todos os eidos da sociedade como acontecía con Carlos. E ese respecto serviulle para atraer á causa galega persoas que, de primeiras, estaban en contra ou desconfiaban dela. Carlos, como home de altura que era, aceptou as teses de Ramón Piñeiro e tocou poder con fórmulas conciliadoras que axudaron a establecer puntos de encontro con sectores que estaban nos antípodas do que el pretendía. Non se puxo á contra, senón que mesmo emprestou a súa figura para a institución cultural do país. Sen el é imposible comprender todo o que se conseguiu. De feito, co paso do tempo e as circunstancias actuais, o seu valor non deixa de medrar na ausencia. Estou seguro de que, se vivise, trataríamos de buscar nel unha resposta para a situación cultural tan alarmante en que nos atopamos neste intre.

Que vixencia conserva a súa creación?

As obras de Carlos foron unha ponte entre a tradición e a modernidade, por iso, moitos dos seus libros teñen aínda esa aire novo e espontáneo que precisa calquera libro para se manter vivo no tempo.

Como coñeceu vostede a Carlos Casares? Que recordo garda del?

Coñecino en 1999. Eu viña de ser finalista no Torrente Ballester de Narrativa coa novela A quinta de Saler e varias editoriais andaban detrás de min, non porque nacesse un novo fenómeno literario, senón porque a Deputación da Coruña mercaba unha boa cantidade de exemplares. Carlos, enviou a Pedro Blanco para convencerme de que lle enviase un borrador da novela. Quería ver como eu trataba o tema do Couto Mixto. E leuna decorrido nunha fin de semana e convenceume para que fichase por Galaxia. Despois presentámola en Ourense e levou unha grande alegría cando soubo que a miña compañeira era sobriña del. A partir de entón, tomou un interese certo por min e polas miñas obras, que non deixou de as gabar sempre que puido. Por iso, o recordo que gardo del é o dun home xeneroso, amable, sensato, tolerante, que se multiplicaba nas distancias curtas. Estiven con el media ducia de veces e a verdade é que era un espectáculo compartir esas conversas nas que non paraba de contar historias reais ou inventadas, tanto tiña, porque o facía con tal engado que, xa podías morrer co sono, que ninguén marchaba para a cama se el non o facía.

Cal é a súa obra preferida de Carlos Casares? Por que?

É moi difícil facer a escolla dunha soa, pero, aínda recoñecendo que non é a súa mellor obra, quedo con Os escuros soños de Clío, ese feixe de relatos nos que enreda coa Historia e ofrece a fermosura dunhas páxinas nas que está a ironía e esa finura premeditada que tanto distinguen a Carlos, teimudo na vontade de nos agasallar cunha prosa transparente, milimétrica, posta ao servicio dun enxeño e dunha imaxinación raiana co mellor Cunqueiro.

Bibliotecas Municipais A Coruña



<http://www.coruna.es/bibliotecas>

Servizo Municipal de Bibliotecas de A Coruña Rúa Durán Loriga 10-1º, 15003, A Coruña Teléfono 981184384 / Fax :981184385 smb@coruna.es	
Biblioteca Municipal Ágora Rúa Ágora s/n 15010, A Coruña Teléfono 981189886 bagora@coruna.es	Biblioteca Municipal Infantil e Xuvenil Rúa Durán Loriga 10-Bjº, 15003, A Coruña Teléfono 981184388 / fax 981184385 binfantil@coruna.es
Biblioteca Municipal Castrillón Praza de Pablo Iglesias, s/n 15009 A Coruña Teléfono 981184390 / fax 98118439 bcastrillon@coruna.es	Biblioteca Municipal Monte Alto Praza dos Avós s/n-3º 15002, A Coruña Teléfono 981184382 bmontealto@coruna.es
Biblioteca Municipal de Estudos Locais Rúa Durán Loriga 10-1º, 15003, A Coruña Teléfono 981184386 / Fax :981184385 bestudios@coruna.es	Biblioteca Os Rosales Praza Elíptica 1-1º 15011 A Coruña Teléfono 981184389 brasales@coruna.es
Biblioteca Municipal Forum Metropolitano Rúa Río Monelos 1, 15006, A Coruña Teléfono 981184298 / fax :981184295 bforum@coruna.es	Biblioteca Municipal Sagrada Familia Rúa Antonio Pereira 1-Bj. 15007 A Coruña Teléfono 981184392 / Fax 981184393 bsagradaf@coruna.es

Síguenos en Twitter y Facebook



Bibliotecas Municipais de A Coruña



Bibliotecas Municipais de A Coruña